



1 Restaurar as instantáneas nas máquinas para a instalación de Samba4

- Antes de comezar esta parte, é moi importante tomar unha instantánea de todas as máquinas que temos configuradas da parte V, xa que nas partes VIII e IX retornaremos a esa configuración nalgún dos escenarios.
- Dado que para a configuración de Samba4 non precisamos nin ter instalado o LDAP, nin NFS nin Samba3, imos restaurar nas máquinas ás instantáneas nas que tan só temos instalado o servizo DNS e DHCP:

- Restaurar instantáneas das máquinas



Restauramos *dserver00* ao escenario 1.D, no que tiñamos o servizo de DNS e DHCP configurados



Restauramos *uclient01* ao escenario 1.B, no que simplemente tiñamos a configuración IP.

- No caso de *wclient01*, podemos restaurar a máquina a un estado base (se temos feita unha instantánea nese momento) ou simplemente sacar o equipo do dominio *IESCALQUERA* feito con Samba3.